



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

CPI CASTRO BAXOI

2022-2023

A nosa pretensión para este curso é conseguir que se implique toda a comunidade educativa, pero fundamentalmente o alumnado, no uso da nosa lingua .Faremos especial fincapé en dar valor ao noso patrimonio material e inmaterial gastronómico máis próximo, co que se pode sentir identificado Promoveremos campañas cheas de actividades lúdicas e de lecer, na que a colaboración con outros centros e outras entidades acade un lugar importante e onde tamén se potencie a investigación, a análise, a aprendizaxe e moi especialmente o respecto, interese e amor pola nosa lingua.

Asemade pretendemos ser inclusivos nas nosas actividades, isto é, as nosas propostas están adaptadas para todos os nenos do centro independentemente das súas características. Debuxos, lecturas e poemas son unha parte do proxecto en onde todos somos iguais.

Tamén pretendemos fomentar voluntariado entre o noso alumnado a través de accións altruistas de recollida de alimentos e acompañamento nos centros de maiores para recitar ou cantar temas traballados nas aulas.

Por último dicir, despois dunha profunda reflexión, que necesitabamos darlle un xiro as actividades propostas. É unha realidade que os centros de interese do alumnado van mudando e nós observamos que acercándonos aos seus centros de interese obtiñamos mellores resultados.

-Traballo en conxunto coa ANPA, para que colaboren con nós en recitais externos, difusión, entrega de Poemiños, mediante reunións mensuais.

E tamén, un ano máis, a inclusión do pobo de Miño no noso “**GRAN PROXECTO**”: **POEMIÑOS POLAS LETRAS**

Sacar os traballos fóra do centro, involucrar a comerciantes, familias, profesorado e nenos foi un éxito total e, consecuentemente, seguiremos nesa liña de traballo.

PROXECTOS

OUTUBRO:

Samaín:

CONTOS DE TERROR.

A temática do Samaín volve a ser os contos de terror. todos os anos variamos a forma na que a rapazada se expresa neste ámbito. Este ano faremos un relato de terror por aula. Proporcionaremos uns dados para elixir personaxe, lugar e fío condutor.

Cada conto será gravado en audio e subido a un padlet colaborativo

<https://padlet.com/evafortres/v1nmkezwizebj0t>

Tamén releremosos contos de medo terroríficos que fixemos o curso pasado. Pasaá por todas as aulas.

En colaboración coa Anpa traeremos un grupo de música tradicional para celebrar o Magosto e o Samaín.

En colaboración coa equipa de extraescolares e biblioteca faremos unha xornada de cine terrorífico en galego na biblioteca pola que pasarán todos os cursos durante esta semana. Decoraremos a biblioteca con temática do Samaín.

Tamén veremos a animación dun dos contos de medo

colectivo que fixemos o curso pasado. A coordinadora de extraescolares, Zeltia López, foi a encargada de facer a montaxe do libro colectivo de terror.

A CARPETA DO SAMAIN

En colaboración coa equipa da biblioteca faremos unhas carpetas do Samaín nas que incluimos unha selección de libros de lectura desta temática adaptados a cada nivel.

Unha carpeta por nivel para compartir ao longo deste mes.

-En colaboración coa equipa de extraescolares faremos unha exposición de cabazas terroríficas.

Celebración do Día do peón

O 11 de novembro celebraremos o día do peón.

-Traballalo e difundilo nas clases de educación física en colaboración con dito departamento.

- Promover a súa práctica no fogar cos familiares conviventes.

- E, organizar tiradas conxuntas nas nosas quendas de recreos establecidas.

-Decorar os peóns que traian os nenos, ou facer algún.

- O alumnado de infantil fixo bailaretes nas aulas que despois bailaron no recreo.

- Tamén o alumnado das seccións bilingües de 3º e 4º, en colaboración co profesorado das seccións fará bailaretes.

- Faremos un manifesto entre todas as clases, un pareado por clase coa temática do peón.

- Escoitaremos a canción ...Os ourensóns: “coma un trompo”-
.....previamente traballada en colaboración coa mestra de música. e faremos un baile conxunto.

DECEMBRO:

- Actividades relacionadas coa temática do Nadal
.Investigación sobre panxoliñas da zona e cada curso preparará unha. Na semana do Nadal iremos polas outras clases cantando a nosa canción

Recuperación de panxoliñas tradicionais da zona de **Miño**, para o que pediremos colaboración ás familias. Cada curso aprenderase unha panxoliña, gravarémola e difundirémola entre a comunidade educativa.

Semana do Nadal.

Durante toda a semana de 9 a 10 o alumnado percorrerá as aulas cantando a súa panxoliña e deixándoa por escrito.

Todas as gravacións subiranse á páxina web e blogue de EDLG “Poemiños polas letras”.

FEBREIRO

DÍA DE ROSALÍA

De novo tentaremos reinventarnos para esta celebración invertindo os papeis que se deron ata o momento. Intentaremos que sexan os pequenos do cole quen expliquen aos maiores quen é Rosalía, cantar ou contar, debuxar e regalar.

Nas quendas de recreo, os cursos que coincidan compartirán a súa poesía, canción ou versión de Rosalía. . Todo o material será subido ao blogue.

- Faremos uns murais co un anaco de poema e un debuxo e,despois de plastificalo colgalo na porta da aula. Difundiremos no blog.
- Animar ao alumnado a aprender un fragmento dunha poesía.
- Pediremos aos maiores que nos fagan unha presentación en power point, vida e obra, versión actuais...etc

Ademáis sairemos á rúa a cantar, contar e recitar a Rosalía de Castro. Contaremos coa colaboración da ANPA e do concello que se encargarán de difundilo nas súas redes sociais. As familias serán convidadas para que nos acompañen ese día. Gravaremos e difundiremos na páxina web do colexio, blogues e padlets.

- Traballaremos nas aulas marcapáxinas que regalaremos aos asistentes á nosa actuación, asemade deixaremos marcapáxinas nos comercios de Miño para ser repartidos no día de Rosalía

MARZO:

- Entroido:

O tema central do centro este curso é “ os océanos”.

Actividades propostas:

Búsqueda de libros coa temática referida en colaboración coa coordinadora da biblioteca.

Continuaremos coa gravación de libros para traballar cos códigos QR, este ano tentaremos ofrecerlles ao alumnado libros con esta temática.

Traballaremos directamente coa equipa de extraescolares e

biblioteca no uso do galego nestes traballos, asemade, difundiremos entre os tres equipos as características máis importantes do noso entroido .

Taller de máscaras do entroido en colaboración coas seccións bilingües.

Tamén imos potenciar a nosa diversidade cultural instando ao alumnado de 5º, 6º de primaria e da ESO a buscar información sobre os diferentes actos culturais que se desenvolvan no entroido en Galicia. Fotos, vídeos...etc

Faremos unha enquisa para decidir en cal dos nosos entroidos populares queremos incidir, e cada curso, segundo sexa o seu nivel, achegará fotos, debuxo, documentación ao noso blogue que será fonte de información. Traballaremos coas máscaras e traxes do entroido escollido para ser estudado.

ABRIL:

NO CASTRO BAXOI DESFRUTAMOS:

Día do libro.

“Ler ao aire libre”

Durante a mañá de toda a semana en quendas sairán ao exterior a ler un libro escollido por eles. Pode ser de forma individual ou colectiva.

- Ao remate da semana, cando xa acaben de ler o libro, en cada titoría, os voluntarios que o desexen convertiranse en

bookformers”. Terán que elaborar unha breve recomendación sobre o libro favorito na que se incluírá a súa presentación, idade ,título do libro,autor,editorial acompañada dun breve resumo e unha breve explicación de porque lles gustara tanto. Gravaranse con toda a información rematado a presentación do libro cunha recomendación para lelo. Promovendo así a animación á lectura. Subirémolo a un Padlet colaborativo coa finalidade de difundir o noso traballo.

MAIO:

- Os maios

Tras o éxito dos outros anos elaboraremos un maio. Contaremos coa contribución de todo o alumnado para facelo. O alumnado traerá flores que irán poñendo no maio en quendas. Unha vez rematado baixaremos en quendas a velo. Non é unha tradición moi arraigada entre a poboación de Miño, polo que moitos non saben a súa procedencia.

Os máis pequenos recibirán información sobre as peculiaridades do maio. Buscaremos información sobre as tradicións arredor dos maios. Con todo o atopado faremos unha documentación que será colgada no noso blogue e na páxina web do cole para ser consultada por o noso alumnado.

- En colaboración coa mestra de música prepararemos unha canción para cantar todos xuntos.

Alumnos de primaria farán un powerpoint que enviarán ás clases dos máis pequenos.

-Semana das Letras Galegas.

Actividades relacionadas co autor ao que se lle adica este ano:

Francisco Fernández del Riego

Traballaremos a figura do autor facendo unha investigación do mesmo. Os alumnos de secundaria, como nos últimos anos, elaborarán material audiovisual para explicarlle aos máis pequenos a vida e obra do autor homenaxeado.

- Durante esta semana, cada aula recibirá unha gravación ou unha videoconferencia.
- Os alumnos de secundaria serán os encargados de explicar aos alumnos de primaria a biografía do autor homenaxeado e de contar, ou cantar algún fragmento da súa obra.
- Con todo o material recabado crearase un libro dixital que será subido ao blogue desta equipa:
- Poeminospolasletras.blogspot.com
- Cantaremos todos xuntos o Himno galego como peche da semana.
- Esta semana propoñeremos o recreo musical coa escoita de música en galego no recreo de primaria.

Asemade, faremos o día dos xogos tradicionais. En colaboración coa equipa de Educación Física estableceremos estacións por donde pasarán os escolares de EI e EP.

Como colofón final faremos un FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS, en colaboración coa ANPA

NO CASTRO BAXOI COMPOÑEMOS: POEMIÑOS POLAS LETRAS

Xa levamos cinco anos traballando neste proxecto que resultou un éxito maior do esperado. O concello, que está moi implicado neste proxecto, tamén anunciou no seu taboleiro dixital a nosa proposta. Así pois, este ano seguiremos na mesma liña e repetirémolo se as condicións sanitarias nolo permiten. Faremos dúas propostas:

1:- Continuar creando, fotocopiando e distribuíndo os poemas como fixemos ata o de agora do seguinte xeito:

Para levalo a cabo precisamos a axuda de:

- Alumnado: Todos os alumnos do cole inventarán unha poesía de temática libre, o EDLG daralle unha plantilla especial co nome do autor homenaxeado. Todas as poesías serán distribuídas polos comerciantes de Miño.
- Titores: Serán os encargados de corrixir ditos poemas e animar aos rapaces a facelos.
- Profesorado de secundaria: Que axudarán e guiarán aos rapaces na elaboración do cartel que identificará este proxecto. A temática será ou Miño ou As Letras Galegas (en todo o seu contido). Tamén o profesorado de Lingua Galega guiará aos rapaces na creación do poema, así como na corrección do mesmo.
- Asociación de comerciantes de Miño. Encargado de difundir entre os socios o proxecto e colaboradores na hora de entregar os Poemas aos seus clientes. Todos os comercios asociados a esta entidade recibiron poemas dos nosos alumnxs para seren entregados coa compra na semana das letras galegas. Todos os comercios tiñan un cartel seleccionado entre os

presentados polos alumnos de secundaria no concurso de debuxo que fixemos no centro. De algún xeito, gustaríanos engadir que tamén intentamos potenciar a compra nos pequenos comercios da vila.

- Concello de Miño, que colaborará na difusión do proxecto nas súas pantallas informativas, e tamén nas copias dunha parte dos poemas.
- EDLG, que coordinará todo o entramado do proxecto:
- recollerá e seleccionará os debuxos de secundaria.
- Recollerá e comprobará que todos os nenos fixeron a poesía.
- Porase en contacto co presidente da asociación de comerciantes.
- Porase en contacto cos comerciantes para informar dos pasos a seguir e explicar cando teñen que dar as poesías.
- Contactará co concello para darlle as poesías para seren fotocopiadas.
- Fotocopiará parte importante das poesías no centro.
- Enroscará e almacenará ditas poesías.
- Distribuirá por os comercios colaboradores os poemas para ser entregados na semana das letras galegas.

Proxectos anuais explicados máis polo miúdo

“@ maleta do GALEG@”

Nas aulas de infantil e primaria desenvolverase este ano unha potenciación da oralidade da lingua galega. O obxectivo primordial é conseguir que o noso alumnado empregue a lingua galega de forma cotiá.

-Partiremos inicialmente dunha maleta de libros en lingua galega que se deixará cada mes por nivel.

- De aquí tamén pode saír algún bookformer
- Cada curso terá que escoller unha poesía, que a poden aprender e gravar ou recitar. Dita poesía será escrita nos taboleiros de cortiza dos corredores.

CONTOS A CARÓN DA LAREIRA.

Con esta fermosa idea pretendemos fomentar o gusto pola lectura en galego. A nosa idea principal é pedir colaboración ás familias para que os nenos que así o desexen nos envíen contos lidos desde casa e en colaboración con toda a familia. Un proxecto sinxelo e motivador no que semanalmente iremos engadindo os contos enviados polas familias para que todos os cursos de primaria o podan escoitar.

Estes contos serán subidos ao noso blog: poeminospolasletras.blogspot.com.

Cabe salientar o éxito da nosa iniciativa que botamos a andar en decembro do curso pasado.. Son moitas as familias que colaboran con nós e que non só gravan á rapazada, senón que nos envían tamén as súas producións.

**PROXECTO AUDIO-LIBROS CON
CÓDIGO QR. FOMENTO DA LECTURA
.PROTAGONISTA DO TEU LIBRO:**

NO CASTRO BAXOI LEMOS...

Debido ao éxito de convocatorias anteriores continuamos un curso máis con este proxecto.

- Este proxecto consta de varias partes e procesos.
- -O primeiro é seleccionar 1 libro por curso adaptados ao nivel do alumnado.
- Cada titor repartirá os libros entre os seus alumnos e preparará a lectura con eles.
- Explicar aos alumnos o que é un código QR

- **Temporalización:**
- Como o proxecto está pensado para facer en varios anos, este cuarto ano só serán 1 libro por curso.
- Nas datas indicadas gravarase ao alumnado previo traballo do libro.
- Esa gravación xerará un código QR que será pegado no libro e devolto a cada aula.
- co propósito de fomentar a lectura en galego, deixaremos os libros nas aulas para así distribuilos temporalmente polas casas. Será unha forma innovadora de escoitarnos lendo. Ademáis, o uso dos códigos QR está cada vez máis en alza e mesmo os nenos serán quen de facelo autónomamente.
- E será enviada unha copia por trimestre aos colexios colaboradores.

- **Contextualización do proxecto:**

- Revisando os títulos máis lidos da biblioteca observamos que a maior parte deles eran en castelán así que decidimos intentar incrementar os libros lidos en galego usando varias vías.
- Dividimos por niveis os libros e os repartimos entre o alumnado dos cursos elixidos.
- -Cada grupo de nenos, (3 ou 4) preparaban ese libro lendo en voz alta a parte que lle toca a cada un. Despois ensinámolles o mecanismo de gravación.

- Neste proceso están involucrados os alumnos de 6º que xa son quen de gravar aos máis pequenos.
- Unha vez que o libro está gravado xeneramos automaticamente un código QR.
- Así, convertemos aos libros en audio- libros escaneando os códigos QR.
- A continuación estes libros serán distribuídos polas aulas para que os nenos os podan levar para casa e que as súas familias sean quen de escoitalos, o que tamén implica as familias na lectura dos libros en galego.
- Periódicamente o libros serán cambiados de aulas ou expostos na biblioteca para que un maior número de nenos accedan a eles.
- Entendemos que de este xeito fomentamos a lectura en galego.
- A maiores estamos en contacto cos seguintes colexios para facer un **intercambio anual de audio-libros** e pouco a pouco intentar ampliar o proxecto a outros ámbitos da cultura galega.
- - CRA de Bergondo en colaboración co EDLG.
- -Eladia Mariño, Cabanas.
- A Capela.

NO CASTRO BAXOI CANTAMOS:

CANCIÓN DA SEMANA.

Cada semana elixiremos unha canción en lingua galega que se publicará nas redes sociais do cole e nas da equipa de dinamización.

Poñeráse na megafonía do cole na entrada e saída. Traballarase nas aulas.

O obxectivo:

- Fomentar e dar a coñecer artistas galegos, tanto tradicionais coma música contemporánea e moderna na nosa lingua.
- Aprender vocabulario e fomentar a expresión oral.
- Difundir a nosa cultura.
- Programar e desenvolver medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos.

NO CASTRO BAXOI RECOMENDAMOS...

Queremos difundir, promover e dinamizar o uso da lingua galega a través dos Bookformers ou booktubers.

Cada curso recomendará un libro mensualmente mediante un vídeo resumo. Nese resumo aparecerá o título, autor e edición, nome e apelidos do alumno/a así como un resumo sen desvelar o final. Os vídeos mensuais serán subidos a un padlet deseñado para tal fin que será enlazado á páxina web do colexio e a o blogue da equipa. Nas aulas revisarase semanalmente ensinándollo á rapazada para fomentar a participación. Ademais mandaremos un comunicado abalar para implicar e publicitar coas familias.

Desde as aulas revisarase semanalmente o títulos recomendados e a equipa da biblioteca favorecerá o préstamo dos mesmos ao alumnado interesado.

Tamén queremos involucrar ás familias enviando información para a elaboración de ditas recomendacións. As familias participantes enviarán ao correo de dinamización da lingua galega, o vídeo-resumo da súa filla recomendando un libro.

NO CASTRO BAXOI DIFUNDIMOS, INVESTIGAMOS E ELABORAMOS.

Coa finalidade de difundir a cultura oral popular e ante a carencia que amosa o noso alumnado de cara a dito coñecemento, esta equipa propón un traballo semanal de acción tutorial co alumnado co fin de facilitar a divulgación.

Así pois, facilitaremos un dossier a cada titoría no que se incluírá refráns, cancións, ditos, trabalinguas...etc. Cada titor traballará semanalmente na hora de lectura elaborando un dossier propio e engadindo máis propostas ás que xa temos. Así, entre todas, conseguiremos, curso tras curso, engadir e aumentar o noso patrimonio oral popular.

Ditas aportación, en diferentes formatos, serán publicadas nas canles habituais.

Esta equipa facilitará mensualmente a cada nivel lecturas pequenas en galego desde 4º de infantil a 3º de primaria. Con ditas lecturas enviarase un cuadernillo para debuxar, así mentres a titora conta o alumnado debuxa. Quincenalmente cambiarase o nivel o cuadernillo, e por último incluírase na mochila viaxeira para que así as familias disfruten do traballo feito.

NO CASTRO BAXOI XOGAMOS

HOXE XOGAMOS A:

No noso taboleiro propoñeremos cada mes un xogo tradicional.

Os titores serán os encargados de explicar o xogo proposto e deixar que libremente no seu tempo de lecer decidan se queren practicalo. A finalidade é adquirir o maior número de xogos posibles no curso. Con cada xogo irá unha rifa para que a aprendan ao mesmo tempo. Cada clase contará cun taboleiro para expoñer o xogo e a rifa propostas.

Revista dtodo

Finalmente todos os traballos feitos durante o curso serán plasmados na revista do centro que será realizada en xuño

VOLUNTARIADO

- Esta equipa está moi involucrada no fomento do voluntariado entre o alumnado. Este curso traballaremos en varias direccións.
- - a través dun” proxecta do voluntariado”, do que formamos parte, Clara, Antía, Mar, Zeltia e máis Eva. Seguindo a seguintes liñas de traballo:-
- Voluntariado activo de acompañamento de maiores no centro de maiores de Miño-As cancións tradicionais aprendidas durante o curso serán cantadas en dúas actuacións programadas para decembro e Maio. En outubro fixemos un primeiro contacto on line para coñecernos en persoa.
- Voluntariado de recollida de alimentos para o banco de alimentos de rias Altas da Coruña. Seremos parte activa do voluntariado presente nos supermercados adheridos.

Intentaremos involucrar ao maior número de alumnado posible neste Proxecta voluntariado.

COMPOSICIÓN DO EDLG

Belén Estrada

Clara Vidal

Mar Ares

Roberto García

Antía González Ruiz

Mónica Lista Becerra

Laura Fonte

Eva Fernández